

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES FIN DO CAMIÑO

CURSO: 2º Y 3º ESO

MATERIA: MÚSICA

DEPARTAMENTO: MÚSICA

DATA: MAIO-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 2ºy 3º ESO.

2. Avaliación e cualificación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.	MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada. Competencias clave: CCEC/ CCL
B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).	MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). Competencias clave: CCEC.
B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.	MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. Competencias clave: CAA/CCEC.
B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.	MUB1.6.1 Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. Competencias clave: CCEC.
B2.1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións.	MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces. Competencias clave: CCEC
B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.	MUB2.3.1 Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.. Competencias clave: CSC.
B3.2 Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respetuosa.	MUB3.2.1 Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva. Competencias clave: CCEC.

<p>B3.4 Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou "falar de música".</p>	<p>MUB3.4.1 Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. Competencias clave: CCL.</p>
<p>B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.</p>	<p>MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical. Competencias clave:CD MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. Competencias clave:CD / CSIEE</p>

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

ESTANDARES Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).	MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). Competencias clave: CCEC.
B1.2. Analizar e comprender o concepto de textura e recoñecer, a través da audición e a lectura de partituras, os tipos de textura.	MUB1.2.1 Recoñece, comprende e analiza tipos de textura. Competencias clave: CCEC/CAA
B1.3. Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical.	MUB1.3.1 Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais. Competencias clave: CCE.
B1.6 Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común. 3 estándares	MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. Competencias clave: CCEC. MUB1.6.3. Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/ a e dos compañeiros/as. Competencias clave: CSC. MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/ as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. Competencias clave: CSC/CSIEE
B2.1. Identificar e describir os instrumentos e voces e as súas agrupacións.	MUB2.1.3 Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música. Competencias clave: CCEC.
B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.	MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. Competencias clave: CSC.

<p>B3.1. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas.</p>	<p>MUB3.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia. Competencias clave: CCEC / CCL</p>
<p>B3.4 Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música. 2 estándares</p>	<p>MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais. Competencias clave: CCEC / CSC.</p> <p>MUB3.4.2 Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade. Competencias clave: CCEC / CCL.</p>
<p>B3.5. Valorar a asimilación e empregar algúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou falar de música.</p>	<p>MUB3.5.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. Competencias clave: CCL.</p>
<p>B4.2. Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.</p>	<p>MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. Competencias clave: CD / CAA</p>

2.-Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Para a 1ª e 2ª avaliación, o disposto na programación didáctica xeral do curso.- Procedemento para valorar o período tras o 14 de marzo: Participación do alumnado na docencia telemática a través de comentarios... Traballo autónomo do alumno seguindo as tarefas propostas a través do classroom, e correo electrónico. Entrega de exercicios en tempo e forma (reforzo, repaso da materia impartida nas clases presenciais e da ampliación na parte instrumental) Esforzo persoal, e afán de superación na realización da práctica instrumental, na realización de exercicios, interacción a través de correo electrónico (consulta de dúbidas, corrección de exercicios...) Presentación, expresión, redacción, vocabulario, e ortografía. <p>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>1º) Alumnos coa 1ª e 2ª avaliación aprobadas: Nota media destas avaliacións máis valoración positiva do traballo realizado durante o confinamento que se traducirá en 2 puntos máximo na cualificación de xuño, desglosado da seguinte forma:</p> <ul style="list-style-type: none">- 1 PUNTO: tarefas de repaso e de reforzo sobre o que se deu a nivel presencial, cualificadas según a concreción e calidade demostradas.- 1 PUNTO: polas tarefas realizadas da nova materia (instrumento) será obligatoria la entrega de todas las obras propuestas para contabilizar. <p>2º) Alumnos coa 1ª e a 2ª suspensas ou algunha destas avaliacións: cuestionario de recuperación das avaliacións suspensas. Ademais da valoración positiva das tarefas realizadas no tempo de confinamento.</p> <p>En ningún caso, a ausencia ou valoración negativa das tarefas do período de alerta repercutirá negativamente na cualificación.</p>
Proba extraordinaria de setembro	Teráanse en conta as recomendacións do ministerio de sanidade, para realizar as probas.

<p>Alumnado de materia pendiente</p>	<p>Criterios de avaliación pendente 2º ESO: O alumnado, deberá realizar unha proba escrita sobre unha selección dos contidos mínimos na fecha indicada ao alumnado Martes 19 de Maio Exercicios linguaxe musical entregados no 1er trimestre xa correxidos 1/3, máis proba práctica video, coas partituras vistas, entre la 1ª y 2ª semana de junio.</p>
	<p>Criterio de cualificación: Exercicios linguaxe musical entregados no 1er trimestre, contarán un máx de 3 puntos. La parte teórica sumará otros 4 Pe la instrumental 3P. Entrega de dossier completo exime do exame. Falta de dossier entregado exame 19 Maio.17.30-19.00h.</p>

3.-Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Actividades: Traballos individuais mandados ao classroom das unidades vistas nos dous trimestres anteriores.</p> <p>REPASO 2ºESO 1ª y 2ª avaliación :Cualidades do son, ritmo, Melodía e armonía. La voz , Los instrumentos.</p> <p>REPASO 3ºESO 1ª y 2ª avaliación: Cualidades y Organización do son. Textura e Forma. Hª de la Música a través de cómic, audicións e dibuxos.</p> <p>REFORZO Atención persoal a 2 alumnos un por curso con tarefas máis sinxelas.</p> <p>RECUPERACIÓN Actividades de repaso, de linguaxe musical e teoría xa dende a primeira semana do confinamento. Cuestionario de recuperación das avaliacións suspensas, fundamentado en contidos mínimos da programación anunciado con tempo suficiente a partir de este mes de Maio para dar a oportunidade ao alumnado co algunha avaliación pendente. Entrega obligada de videos para la parte instrumental.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Todos os alumnos foron adquirindo conectividade, Tarefas, e dúbidas a través de Classroom gmail, wasap e teléfono nos casos particulares. Presencia diaria da profesora para axudar a dudas por correo electrónico e classroom.</p>
Materiais e recursos	<p>Apuntes, presentacións tarefas e partituras elaboradas polo profesor, vídeos de youtube, tutoriales de flauta e descarga de aplicacións de instrumentos no móbil u outros dispositivos.</p>

4.-Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A comunicación empregada para comunicar co alumnado, é variada: Espacio Abalar, Gmail e teléfono persoal do profesor, para informar a pais e nais. Correo electrónico, wasap e teléfono, para recordar mss importantes ao alumnado.
Publicidade	Páxina web do centro.